



No día de hoxe, 1 de abril de 2025, publicouse na páxina web do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes a listaxe de proxectos e docentes galardoados nos Premios Nacionais eTwinning 2025.

Para acceder a toda a información, podes consultar [esta ligazón](#).

Desde o Servizo Nacional de Apoio eTwinning queremos transmitir os nosos parabéns a todo o profesorado e alumnado premiado.

Os proxectos e docentes premiados descríbense a continuación.

CATEGORÍA 1: EDUCACIÓN INFANTIL

WAVES FROM THE ATLANTIC




María do Alicerce Pérez Álvarez e Cristina Arenas Hernán (Galicia)

Este proxecto eTwinning centrado na temática do océano Atlántico, os animais que habitan nel, conectando con elementos emblemáticos e significativos da vida marítima como son os faros, resulta ser unha proposta innovadora, atractiva e enriquecedora para a etapa de Infantil. Este proxecto combina de maneira equilibrada a aprendizaxe da contorna natural co desenvolvemento de competencias clave nun contexto lúdico e dixital.

Entre os aspectos máis destacables atópanse a relevancia e interese da temática desenvolvida, a integración de tecnoloxías dixitais, o uso da webgrafía, o desenvolvemento integral de competencias, e a integración curricular.

En resumo, este proxecto representa un excelente exemplo de como combinar a curiosidade natural dos nenos e nenas con estratexias pedagóxicas modernas. O seu enfoque centrado no océano Atlántico non só permite unha aprendizaxe significativa, senón que tamén fomenta a creatividade, a colaboración e o respecto polo noso planeta.

TREE OF STORIES



Miriam Dopazo Piñeiro (Galicia)


O proxecto “Tree of Stories” é un exemplo sobresaínte de como eTwinning pode potenciar a aprendizaxe colaborativa, creativa e significativa entre diferentes centros educativos. O seu enfoque céntrase nos contos como eixo central e ofrece unha combinación única de tradición literaria e modernidade educativa, integrando de forma exemplar as tecnoloxías dixitais.

Entre os seus puntos destacables atópanse a organización e distribución de tarefas, a colaboración entre centros participantes, a integración curricular, o desenvolvemento de competencias clave, a temporalización axeitada, a creatividade nas presentacións finais e a excelente coordinación docente.

En conclusión, trátase dun proxecto que combina á perfección a tradición literaria co uso de tecnoloxías dixitais e o desenvolvemento de competencias. A súa coidadosa organización, a colaboración activa entre centros e o enfoque creativo convérteno nun modelo a seguir en iniciativas eTwinning.

CATEGORÍA 2: EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL

WELL-BEING WITH ARTIFICIAL INTELLIGENCE



Yolanda López Martínez (Castela-A Mancha)

Este proxecto ten como obxectivo contribuír ao desenvolvemento emocional do alumnado de educación primaria creando ambientes de aprendizaxe mediante actividades con Intelixencia Artificial.

O plan de traballo deseñado determina o percorrido do proxecto, distribúense tarefas entre os docentes participantes e prográmanse reunións para coordinar e organizalas. O alumnado colabora no desenvolvemento de diversos produtos colaborativos en grupos e centros educativos, e os resultados finais mostran a interrelación das achegas dos e das estudantes. Utilízanse tecnoloxías dixitais apropiadas para facilitar o logro dos obxectivos do proxecto e o desenvolvemento de produtos colaborativos creativos. O espazo de traballo é accesible para todos os participantes. Respéctase o Código de conduta de eTwinning e a comunicación entre os estudantes realízase a través do TwinSpace. Os obxectivos son específicos, alcanzables e realistas. O alumnado sitúase no centro do proxecto e participa activamente na toma de decisións. Os produtos e actividades finais están claramente vinculados aos obxectivos establecidos. Planifícase un plan de avaliación que inclúe avaliacións iniciais e finais de estudantes, docentes e familias. Así mesmo, realizouse unha ampla difusión do proxecto a través de diversos recursos.

ENTRE OLIVEIRAS



Ainara Eguia Sgardia e María Dolores Iriarte Iriarte (Comunidade Foral de Navarra)

O fío condutor deste proxecto é o aceite de oliva que percorre países onde é esencia da súa cociña, da súa tradición e da súa cultura. Este ouro líquido, utilizado e admirado en Turquía, Portugal e España fixo que as súas aulas se transformasen en laboratorios onde o alumnado investiga sobre a súa orixe, historia, as súas propiedades e valores nutricionais, a súa importancia no refraneiro, na literatura, no desenvolvemento das nosas comarcas ou na súa influencia en festas e eventos.

O proxecto Entre Oliveiras destaca polo seu enfoque internivelar, desenvolvendo actividades para alumnado de primaria, secundaria e atención á diversidade. É un proxecto colaborativo, multidisciplinar e inclusivo, que aproveita a materia prima dos tres países participantes para profundar en diversos contidos de distintas materias do currículo.

Destaca pola súa impecable coordinación e colaboración docente, pola realización de produtos comúns en grupos internacionais mixtos e polo seu proceso de avaliación, que desenvolve de forma detallada e analiza minuciosamente os resultados.

CATEGORÍA 3: EDUCACIÓN SECUNDARIA

MENS SANA IN CORPORE SANO



Clotilde María Estrada Medina, Matilde María Morales Pascual, Maria Mercedes Casuso Quesada, Silvia Merino Martínez, Manuel Morillas Sánchez e Ana Belén Mauro Cledera (Andalucía)

Este proxecto ten como obxectivo principal promover a saúde e o benestar a través da educación física e a adopción de hábitos saudables, abordando actividades deportivas, retos intercentros e formación en nutrición. Evidénciase un sólido enfoque interdisciplinar, no que a aprendizaxe se vincula directamente coa práctica presencial. O proxecto incorpora actividades creativas e colaborativas, como a exploración da orixe dos xogos antigos e a iniciativa *Women in Sports*, cada unha acompañada de enquisas de satisfacción e propostas de mellora.

A integración curricular é outro dos seus puntos fortes, xa que involucra diversas áreas do coñecemento como inglés, tecnoloxía, educación física, cultura clásica, cidadanía e a optativa de teatro. Así mesmo, o apoio do programa Erasmus reforza a conexión entre o traballo desenvolvido e as experiencias de mobilidade presencial.

En canto a resultados e produtos, o proxecto destaca pola súa calidade. Xeráronse materiais relevantes como unha revista con achegas sobre cada temática, que permite a exhibición en liña dos contidos. Un aspecto especialmente destacable é a implementación dunha avaliación intermedia, o que permite reflexionar e mellorar o desenvolvemento do proxecto en tempo real, asegurando así a súa efectividade e evolución.

ALL IS WELL THAT IS WELL...BEING



Marta Sánchez Valverde e Armando Navarro Alarcón (Andalucía)

Este proxecto céntrase en fomentar o benestar holístico e promover a saúde mental, emocional e física a través de diversos enfoques culturais. Destaca polo seu alto nivel de cooperación entre profesorado e alumnado, evidenciado no uso do Twinspace e a elaboración de produtos colaborativos. Percíbese un traballo interrelacionado entre os equipos, cun uso innovador de tecnoloxías como a intelixencia artificial.

Entre as actividades máis destacadas inclúense as do Nadal, onde o alumnado se implica activamente na creación de materiais personalizados para as súas compañeiras e compañeiros, así como sesións de meditación e relaxación. Ademais, a estratexia de difusión transcende o ámbito escolar e local, chegando a unha escala europea. Implementáronse accións na web do centro, cartas ás familias, vídeos, un programa de radio e a participación nunha feira. O proxecto tivo unha difusión desde o nivel local até o internacional a través da plataforma ESEP e a rede de embaixadores eTwinning da comunidade. Outro punto forte é a extrapolabilidade dos seus produtos, que poden adaptarse a distintos ámbitos e institucións.

CATEGORÍA 4: BACHARELATO E RÉXIME ESPECIAL

BRAINY



Sheila Madrazo Iñiguez De Heredia (País Vasco)

O máis destacable do proxecto é o seu enfoque innovador e interdisciplinar. O obxectivo principal é ampliar o seu coñecemento sobre temas diversos como a ecoloxía ou a música. Para iso, realizan actividades motivadoras e retos. A participación e autonomía do alumnado é moi destacable e crean unha guía para o seu traballo autónomo. eTwinning está integrado completamente na aula, sendo á súa vez un elemento fundamental no plan dixital do centro.

É un proxecto moi completo, onde tanto a nivel curricular se expoñen e documentan perfectamente os obxectivos, contidos, competencias, criterios de avaliación, difusión ao longo de todo o proxecto, como a interacción, comunicación e colaboración en equipos internacionais e todas as pezas encaixan á perfección para que se produzan uns produtos finais con resultados excelentes.

Tanto docentes como alumnado conseguiron os obxectivos propostos de abondo e o seu grao de aprendizaxe e satisfacción grazas a que este proxecto foi moi alto.

THE ASSEMBLYWOMEN: WOMEN'S VOICES FROM ANCIENT TO MODERN TIMES



María Mercedes Casuso Quesada e Matilde Morales Pascual (Andalucía)

O proxecto 'The Assemblywomen: women's voices from ancient to modern times' ten como obxectivo investigar sobre o papel da muller na antigüidade clásica e nos nosos días. O alumnado, en grupos internacionais, elaborou uns CV que serviron para a creación dun libro dixital como produto final. Ademais, leváronse a cabo representacións teatrais que foron mostradas nun vídeo común.

Trátase dun proxecto coa colaboración como aspecto destacable. Tamén é destacable o traballo de documentación levado a cabo, especialmente no aspecto da integración curricular.

CATEGORÍA 5: FORMACIÓN PROFESIONAL

CLIMART ACTION



Jordi Marti Pellicer (Comunitat Valenciana)

ClimaART Action é un proxecto colaborativo entre Romanía, Italia e España no que participaron máis de 90 alumnos e alumnas, seis docentes e dúas ilustradoras profesionais.

Conseguíuse con éxito promover a sostibilidade ambiental e a cidadanía activa entre a comunidade educativa a través da arte e o deseño gráfico a través da participación do alumnado, que aplicou de forma práctica as competencias profesionais que forman parte da súa formación curricular. En concreto, os alumnos e alumnas de tres módulos do Ciclo Formativo de Grao Medio de Vídeo, Disc-jockey e Son levaron a cabo nove actividades estruturadas que incluíron desde a análise de vídeo e traballos artísticos inspirados na natureza até a investigación de problemas ambientais aos que se deu resposta a través da arte.

O proxecto destaca tamén pola colaboración con dúas ilustradoras profesionais, achegando o proxecto ao ámbito profesional, a creación dun libro dispoñible en formato impreso e dixital de gran calidade e exposicións cos traballos artísticos realizados polo alumnado. Os centros participantes achegaron ClimaART Action ás súas comunidades educativas a través dunha intensa difusión en medios de comunicación, redes sociais, webinars e prensa especializada.

ClimART Action supuxo un valor engadido á aprendizaxe do alumnado axuntando a concienciación climática coa expresión artística e vinculándoas ao desenvolvemento de competencias profesionais e competencias clave para a cidadanía activa e a adquisición de valores europeos.

CATEGORÍA 6: MULTIDISCIPLINAR

ÉXODOS



María del Carmen López de Abechuco, Pilar Gutiérrez Piernavieja, Eugenia Martínez-Cueto e Desirée Ordiz Blanco (Principado de Asturias)

Este proxecto analiza os movementos migratorios desde diversas perspectivas cun enfoque multidisciplinar abordando tanto aspectos artísticos, como históricos, xeográficos, culinarios ou de ciencias naturais, ademais de cultura clásica. Toma como punto de partida o cadro de "A balsa da Medusa" de Gericault. En grupos colaborativos o alumnado investiga, analiza, extrae conclusións sobre os tipos de migracións e a historia das migracións, o seu reflexo nos diferentes tipos de representacións artísticas, a súa influencia nas súas propias vidas e familias, e o impacto na súa contorna. Traballan cunha metodoloxía de aprendizaxe-servizo cun alto impacto nacional e internacional implicando asociacións locais, museos e institucións.

Destaca especialmente nas alíneas de enfoques pedagóxicos, colaboración, integración curricular e diseminación, incluíndo un amplo abano de canles e medios.